

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E COLEXIO SEK-ATLÁNTICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar co Colexio SEK-ATLÁNTICO o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia dun ano a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a actuación do voluntariado do Colexio SEK-ATLÁNTICO na Escola Hospitalaria do Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés) co fin de conseguir unha maior calidade de vida para os pacientes ingresados no Servizo de Pediatría e as súas familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no propósito de dar unha resposta integral á atención dos nenos e nenas hospitalizados/as, así como as súas familias, mediante unha intervención voluntaria que potencie actividades lúdicas para que o neno ou nena poida expresar sentimentos, comunicarse, distraerse e desfrutar. A acción do voluntariado é necesaria, particularmente, na área pediátrica.

Por outra banda, a acción voluntaria debe ser promovida polos poderes públicos. Son estes os que teñen a responsabilidade de crear as estruturas e o soporte legal preciso que posibilite, dende a liberdade, que a sociedade civil interveña no desenvolvemento de actividades e sectores de interese xeral e máis na consecución dos intereses públicos mediante a acción voluntaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

